

# OLGA TOKARCZUK

Olga Nawoja Tokarczuk naceu en Sulechów, Polonia, en 1962, e graduouse en Psicoloxía na Universidade de Varsovia. Discípula de Carl Jung, mentres estudaba traballou como voluntaria coidando a persoas con problemas mentais. Antes de adicarse por enteiro á Literatura, exerceu como psicoterapeuta durante anos nunha clínica de saúde mental en Walbrzych.

Desde moi nova escribiu na revista xuvenil “Na Przelaj” baixo o pseudónimo de Natasza Borodin.

En 1993 debutou como novelista coa obra “*El viaje de los hombres del Libro*”, co que gañou o Premio da Asociación Polaca de Editores de Libros. Esta obra foi seguida doutras como “*EE Book*”, “*En un lugar llamado antaño*”, “*El ropero*” ou “*Casa diurna, casa nocturna*”.

No ano 2004 editou “*Historias últimas*”, obra na que presenta a historia de Polonia e Ucraína a través das experiencias de tres mulleres da mesma familia: avoa, nai e filla. Tres anos despois, coa súa obra “*Los errantes*”, gañou o Premio Literario Nike e o Premio Man Booker International.

Outra das súas obras, “*Sobre los huesos de los muertos*”, foi adaptada ao cine no ano 2017.

Ao longo da súa carreira, Tokarczuk publicou poesía, novela e ensaio. A súa obra posúe unha grande sensibilidade para transmitir as experiencias dos personaxes. Ademais, ten unha gran capacidade para traballar temas de actualidade como o ecoloxismo ou a diversidade étnica e sexual.

No ano 2019, Olga Tokarczuk converteuse na décimo quinta muller en recibir o Premio Nobel de Literatura pola súa imaxinación narrativa que, con paixón enciclopédica, representa o cruce de fronteiras como un xeito de vida.

Diego Duarte Rodríguez

3º ESO B